

# A DANCA DO INFERNO



GAÍAS  
CIDADE DA  
CULTURA



centro  
dramático  
galego




XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22







«LAS RIQUEZAS MUEREN,  
LOS DIOS MUEREN,  
UNO TAMBIÉN MORIRÁ...  
PERO HAY ALGO QUE PERDURA:  
LOS ACTOS HECHOS EN VIDA.  
COMIENZA LA CUENTA ATRÁS...»









# SINOPSIS

A alma inocente dunha nena vaga perdida polo máis alá á agarda do seu xuízo final pero antes debe mergullarse nas profundidades acuáticas, chegar aos abismos e atoparse cos seus habitantes para escoitar os seus lamentos e descubrir as consecuencias irreparables dos actos da súa especie.



# A OBRA

A Barca do Inferno móstranos o estado actual do mundo mariño, a emerxencia climática e o entorno no que vivimos: contaminación, plástico, intoxicación, pesca masiva, cambio climático...

A peza preséntanos o mundo de mañá, onde as consecuencias das nosas accións lévannos inevitablemente ao día da nosa extinción.











O punto de partida é a obra do autor portugués Gil Vicente: Auto da Barca do Inferno. Utilizamos o texto ao servizo das nosas inquietudes permitíndonos algunhas licencias para atopar a simbiose entre o clásico e o contemporáneo. Ao preguntarnos como trasladar un texto clásico a día de hoxe, chegamos á conclusión de que o que define a arte de calquera tempo son as inquietudes. A auga que aparece como ambiente e dá simbolismo para Gil Vicente pasou para nós a ser o tema. Os personaxes transfórmanse en animais acuáticos que veñen a dar unha mensaxe satírica e trágica sobre o estado do seu ecosistema.




Que está a pasar coa auga? Imos a mergullarnos no tema e a entrar en crise. Nos últimos 50 anos arrasáronse gran parte dos ecosistemas submarinos. Segundo agoiran os expertos, no ano 2050 non haberá peixes no mar, o 90% dos arrecifes de corais terán desaparecido e a temperatura sufrirá unha media de entre 2 e 5 graos no peor dos escenarios. En resumo, a morte dos nosos mares, océanos e, en consecuencia, a nosa.











A montaxe parte dos novos xeitos de expresión e sobre como os monicreques poden dialogar con estilos como a traxedia, o bufón, ou as novas dramaturxias que rompen coa manipulación convencional. Traballamos dende a expresividade que o obxecto propón e de tanta elasticidade visual, escénica e dramática que é capaz de soste en diálogo co corpo dos manipuladores. As súas interpretacións entran en terreos como a performance ou a danza. De aquí nace un diálogo versátil que ofrece aos monicreques unha expresividade rica, impactante e pouco convencional.



Latas, caldeiros de lixo, botellas de plástico, bidóns, redes vellas, unha caña de pescar ou a carrocería dunha moto, forman o decorado, a escenografía do espectáculo, os monicreques e o espazo musical. Todo foi construído a partir destes elementos que, unha vez reciclados, permítenos abordar e enviar unha mensaxe clara e inequívoca aos espectadores.









A música, creada en directo durante a obra polos actores, inspírase nos ritmos da cultura nórdica e asiática, achéganos a unha atmosfera que nos acompañará ás profundidades da obra.

Composta esencialmente por percusión e canto, aporta cor ás escenas e profundidade emocional. Cabe destacar a introdución da voz en OFF en directo para o diálogo dos monicreques, aportando textura á atmosfera onírica e ritual da obra.









# A COMPAÑIA

Nauta é unha nova compañía de creadores galaico-francesa que beben do teatro físico, especialmente do mundo da máscara e os monicreques. Dende o seu desexo de afondar e descubrir a arte escénica do día de hoxe, Nauta explora un teatro onde os estilos únense para abrir novos espazos. Un punto de encontro con artistas de diferentes nacionalidades e disciplinas onde mergullarse no extraordinario da creación e todas as súas posibilidades.





## INTÉRPRETES

CARLOS GALLARDO

LYDIA GUEZ

PILAR PINGARRÓN

MATHIAS RODRIGUEZ

RAFAEL REY

TOMÉ MOURIÑO

## DIRECCIÓN

RAFAEL REY

## MÚSICA

TOME MOURIÑO

## ESCENOGRAFÍA

NAUTA

## DRAMATURGIA

NAUTA





ILUMINACIÓN

CARLOS GALLARDO

FOTOGRAFIAS

ÓSCAR CORRAL


ANTIA BALVÍS

ZOÉMOTION

IRATXE ESTEVE

PABLO LORENTE

LORENZO NEGUERULA





GENERO SATIRA Y TRAGEDIA

TÉCNICA MÁSCARAS

TÍTERES

TEATRO FÍSICO

DURACIÓN 1 HORA

PÚBLICOS PÚBLICO ADULTO  
(+ 10 AÑOS)

DIMENSIONES 6M ANCHO  
6M FONDO  
5M ALTO

+ info en rider tecnico





# CONTACTOS



Nautateatro



Nautateatro

[www.nautateatro.com](http://www.nautateatro.com)

630 41 68 98 - Rafael (producción)

630 53 12 92 - Carlos (técnico)

[info@nautateatro.com](mailto:info@nautateatro.com)

